


Núm. 95

Tomo 8.º

nóis





BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario
Vicente Risco

Direitor Artístico
Alfonso R. Castelao

Administrador
ANXEL CASAL

DIRECCIÓN E REDACCIÓN:

Sto. Domingo, 47 — OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Hortas, 20 — SANTIAGO

ABONAMENTO

Doce números, na Península 8'00 pesetas.

Fora da Península 8'00 .

Número solto 0'70 .

NOTA

Este boletín non publicará mais orixinais qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidos, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redacción.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

GALICIA, por Francisco VILLAESPESA, trad. de Guido BATTELLI.
REFREIÇÕES FINCOL DO MOMENTO ACTUAL DE GALICIA, por Lois TOBÍO FERNÁNDES.
NOMES GALEGOS DA «DIXITALIS PURPUREA L.», por BOUZA-BREY.
LEABHAR GABHALA, libro das conquistas da Irlanda, (Remate).
ARQUIVO FIDOLÓXICO I-ETNOGRÁFICO DE GALICIA.
OS HOMES, OS FRITOS, AS VERBAS, pol-a REDACCIÓN.

IMPRESA "NÓS"

Facturas - Estados - Libros - Revistas
e toda crás de traballos tipográficos

Trasmitanos os seus encargos

Hortas, 20

SANTIAGO

Vicente Risco

Abogado

Santo Domingo, 47.2.º

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XIII ★ Ourense 15 de Novembro do 1931 ★ Núm. 95

G A L I Z I A

(POLIMETRO)

Galizia, mía verde Galizia,
al sogno e all'amore propizia,
quel dolce soave tuo idioma
dá all'anima nostra l'aroma
d'un fresco roseto fragrante;
somiglia á colomba tubante,
ha profumo di rosee mele
e dolcezze d'un áureo miele!

Sorgente di pura armonia,
di Curros tu echeggi il dolore,
al cántico di Rosalía
dái versi d'eterno splendore.

Bionda Onfále, túa pállida fronte
cingon gli astri col serto lor d'oro,
sulle rive del mare sonoro
sta la clava (1) coperta di fior.

Di Galizia la lirica Ondina
va cantando sui monti a le piante

e discioglie la treccia ondeggiante
della luna nel pállido albor.

Verde ramo del céltico vischio,
nei druidici boschi fiorito,
nel túo canto é il ricordo d'un mito
che di Spagna rivive nel sol!

Il tuo popolo ha l'anima buona
e serena così come un gíglío
che all'aprile dischiude ne gli orti
il suo tenero calice al sol.

S'inzaffira nel cielo l'aurora
e biancheggia dispume il tuo mare,
come donna che muova all'altare
tra'l fragrante profumo dei fior.

La tua gaita lontana sospira
ne gli ameni preludi d'un canto
che s'inizia con risa d'amore
e finisce in singhiozzi di pianto!

FRANCISCO VILLALPESCA

(Guido Battelli, tradusse)

(1) La clava dimenticata da Ercole, innalzata di Onfale.



REFREISIÓNS ENCOL DO MOMENTO AITUAL DA GALICIA

POR LOÍS TOBÍO FERNÁNDES

ENCETO

O momento aitual da vida de Galicia é, certamente, de suma delicadeza. Topámonos na soleira d'un novo período, Anda a se desfacer o vello Estado español, centraísta e infecundo. Novo amanecer das terras hispánicas agañotadas. Un mundo novo, unha nova vida temos nas nosas máns. Que non se nos malogre, que non se nos vaia á perder o nascedeirol... Coidémolo, agarímémolo. É dicir deámonos ben conta do que debemos facer. Un erro ó comezo sería fadal.

Hai que estudar en concreto a aitual realidade da nosa terra, Hai que meditar, refreisionar encol do dato. E hai que captar o vello certo, a roita salvadora. No que sigue van algunhas das miñas consideracións: nin todas novas, nin todas de intrés. Son uns cantos presupostos pra a certa eistructuración da nosa Terra. Teóricas, arelan non sere máis que un método. Que a forma se encha logo de contido, no fondo adentramento da realidade nosal

I. O POLÍTICO EISTRUC- TURACIÓN DO SOCIAL :

O probrema de eistructuración da Galicia é un probrema político. Non cabe dúbida que o político, a Política é algo de orixe racional, mental, refreisivo. A política non é sinon un dos moitos aspectos da tendencia á ordeación, á armonización, á unidade podemos dicir.

Eu coido que o siño máis característico do humano é íse: a tendencia á unidade harmónica —non á confusión! A natureza non nos ofresce senón individuos; a nosa razón or-

dea, agrupa e resume (e diferencial) a realidade. A máis elemental revelación d'iste anxeio é a amizade; harmonía de dous espíritos sin perder a natural individualidade. Outra, de senso máis amplo, a Cencia. Outra a Política.

A política, é, pois, unha redución categorial da realidade n-un certo senso, n-un orde determinado. ¿Non fica d'aquela ben craro así que a Política ten de partir da realidade, ten que reconocela, pregarse á ela? Certamente, que non é soio realidade, que ten que ser moitas veces correctivo d'ela; pero ha coñecer todol-os seus resortes pra melloralá. Biquí está, como é sabido, o fracaso de todas as doutrinas políticas apriorísticas e racionalistas, que coidaban a realidade materia branda e doada pra calquer eistructuración de gabinete. Sucede eiquí como nas ciencias: sería absurdo que un naturalista agrupase os seres en xéneros i-especies según conceptos de razón; poderá seguir un ou outro dos datos reais pra a crasificación, nos animaes p. ex. atender fundamentalmente á función asimilativa ou á reproductiva, máis non pode fuxir en absoluto, da experiencia. Ata pra vencer á realidade hai que pregarse a ela.

Así o Estado, forma suprema da vida política ten que partir —pra ser prenamente eficaz e pra ser estabel— dos datos reais. Nas correntes aituas da Cencia Política esta idea é un postulado xeral.

O Estado será unha centralización das forzas nacionaes (Haurión) ou unha triple integración —personal, real e funcional— según a interesante visión de Rudolf Smend; o substratum, o elemento primario, sempre o

sociolóxico. Pero o factor sociolóxico temos que tomalo de tal xeito que non fique fora d'el aspeito ningún; e os aspectos da realidade social son moitísimos. Enxergadel-a vastade do problema?

Vefiamos agora á nosa Terra. Un axeitado estudo da eistrituración política da Galicia, un estudo complotado, supón o análisis previo de todas as facetas do social galego, no senso, singularmente, das súas notas diferenciais, da súa fisonomía, das características do real n-esta Terra, anaco do mundo.

II. O SOCIOLÓXICO

Hai, pois, pra o que encete unha labourea de construción política un dato inicial imprescindible i é o sociolóxico. A realidade da vida de relación human.

Ora, qué nos ofresce a realidade ollada á través do prisma sociolóxico?

A realidade, n-iste aspeito, amóstranos unha chea de individuos semellantes en moitas cousas, diferentes n-outras; vivindo encol de terras moi desemeillantes; falando linguaxes diversos. Estas diferencias, ademais, non se dan d'un xeito confuso, senón por zonas espaciaes, en xeral. Eixisten d'iste xeito á modo d'unhas comunidades naturais, asentadas sobre d'unha terra, caracterizadas por unha serie de coincidencias comúns, que teñen ademais senso concéntrico i-escalonado. Falo —tratando agora nun senso sociolóxico eiscrusivamente— con todas as reservas. Realmente, eixisten tan soio as semellanzas devanditas, creadas pol-a orixe común, pol-a convivencia, pol-as influencias en común recibidas. Isto permítenos falar —certo que xa centificamente, coma construcións da ciencia sociolóxica— de entidades naturais. Non que, obxetivamente, eixista un espírito do pobo, un «Volkgeist», máis ou menos místico. O espírito d'un pobo, a i-alma d'unha comunidade natural, eixiste sómente coma «representación» na conciencia dos individuos e n'iste senso subxectivo pode ser sentido e amado; en verdade, sómente se poden amar e sentir as «representacións». Son os últimos celmes do noso ser subxectivo —moitas veces imperceptíbles— os que tornan a realidade apta pra a sentir e a amar e a comprender.

Ora ben: cara que s'endereita a marcha sociolóxica, cara a semellanza ou cara a diferenza? Os homes, tenden á seren iguaes ou tenden a seren máis diferentes cada vez? Esas entidades naturais —valéndonos d'unha construción da ciencia sociolóxica— aproumáanse ou sufincan arreo as súas características fisonómicas?

Adóitase a falar moito da tendenza á unidade de todos os pobos do mundo. É un dos temas máis favorecidos pol-as conversas de café e os artigos dos das revistas cursis; patrimonio dos celebres de grilo que saben e tratan de todo e resoven todos os problemas c'unha sinxeleza e unha seguridade e unha falla de obstáculos e dificultades que fan pensar na gnosis ou na revelación di-reita.

Esta distinta manifestación do analfabetismo, que tanto abonda na Hespaña, é un dos máis graves defectos. Hai que s'acostumar á consideración das cuestións de filosofía ou de política como son, e. d., complexas e eixixentes de fonda e serea e repousada meditación. O simplismo n-estes problemas é sempre fatal.

Pois ben; isa idea tan repetida da tendenza á unidade absoluta e confusiva —que tan finamente criticou o noso Castela— é un concepto totalmente equivocado. Non me vou meter agora á analízalo, porque non é isto ocasión doada. Engaiola pol-o crá; máis si hai algún concepto desconecedor da realidade este é o máis eistremo. A realidade eiquí, eistravasa e fuxe do molde rixido.

A vida fluente non é coutada pol-a armazón artificiosa de tal concepto. O gosto por unha lóxica escolástica xeométrica —gosto que ten algo de pereza mental— leva ós máisimos desvaríos da razón pura, chega ás máisimas irrealidades, e a realidade —corda e serea— rise á cachón da tolema megatomaníaca do conceitual.

«El mundo es hecho de contrastes» dixo Gracián e isto é unha verdade fundamental e real. Ó lado d'unha cousa hai outra contraria. Quen se fixe n-unha banda, sómente, anda trabucado. Por esa razón son infundadas as críticas que se teñen feito á obra de Marx. O marxismo é un dos sistemas máis pretos da realidade; con arreglo á lóxica

das escolas atoparíanse n'él moitas contradicións. Quen non esteña ben penetrado da lóxica real do marxismo non poderá enxergalo, nin poderá enxergar toda a forza de verdade que n'el latea. Outro tanto acontece co que vimos tratando. Si d'unha banda, atopamos c'unha innegable tendencia á universalidade, d'outra aparece unha tendencia contraria cara a particularidade. As dúas forzas d'atracción e repulsión do mundo físico danse tamén no social. É a un incremento de universalidade corresponde un incremento de particularidade. Istes non son preconcitos, nin hipóteses, nin teorías sinón feitos, datos da experiencia que enchen a vida actual, que están ó alcance de todo o mundo. Non vou a citar ningún. Que se diga que iso é incomprensible, absurdo, contradictorio, inespricable. ¡Hai tantas cousas inespricables no mundo! E o caso é que a realidade é asína, e así se procede sin l'importar nin miga o que diga a razón pura.

Eis que temos como dato sociolóxico pra a estrutura da nosa Terra a existencia d'unha comunidade natural —a determinación sociolóxica d'ista é cousa d'outrén— baseada n'unha chea de características que son semellanzas entre os de dentro, diferenzas con respecto ós de fora. Semellanzas e diferenzas qu'eisisten e qu'eisistirán malia que non se queira, aínda nos mesmos que tratan de negalas —i-este é mal ben común pol-a nosa Terra—. A iste dato hai que s'ater e tomalo integramente, c'unha interpretación o mais obxectiva posíbre. É o primeiro presuposto —primeiro no tempo, primeiro no valor— pra a nosa laboura.

III. A POLÍTICA, UN PRO- :: BREMA DE POLÍTICA ::

Deixamos dito que a Política é unha organización da realidade pra acadar fins de melloramento da convivencia social, de progreso cultural. A Política ven ser, d'iste xeito, un medio, non un fin en sí. De consideralo coma fin xurdiron moitos erros. D'elquí a certa desconsideración con que se trata hoxe por algúns á Política, coma reacción en senso oposto. Emporiso, toda eisaxeración, d'unha e d'outra banda é unilateral i-equivocada.

A Política non é todo, mais é moito. Unha boa Política pode erguer á un pobo e unha mala Política pode afundi-lo. A bondade e a maldade d'unha Política, pende encol de todo, do seu axeitamento, ó feito sociolóxico. Relegando á Política ó seu verdadeiro papel de medio non por iso fica desprestixiada. Da capacidade do medio depende a comprida acadanza do fin. Quero remarcar ben iste punto; hai que eistructurar a Galicia escolleitando o medio mais axeitado. Este é o segundo presuposto.

Non cabe fundamental-a Política en razóns metafísicas, transcendentais. D'outra banda, pra todo atoparíamos unha teórica xustificación. Asegún o punto en que nos situáramos, a idea sempre filosófica de que arrincáramos, todo viría prenamente xustificado; e a discusión dos puntos primarios é cuestión irresoluble. Non hai sistema político efectivo, por trascendido e inadmisíbre que nos pareza in concreto, que non teña unha lóxica necesidade d'endo o seu ángulo visual. Despois de todo elo, eu vín a dar n'unha sorte de pragmatismo no orde político. Vento que á moitos non aquecerá esta posición miña. Moitos coidarán que hai un sistema político que encarna a única verdade, que é un resultado necesario e indesviábre dos principios fundamentais e verdadeiros: a democracia. Que iste sistema é o único que ten razoabel e lexítima xustificación porque deriva dos principios inmutabeis do ser humano etc. etc. Mais eu respostareivos que, á miña ollada histórica, isto non aparece senón como unha de tantas crénzas pasaxeiras, patrimonio efímero de nós, homes da cultura occidental, n'ista fase postrimeira de civilización.

Pra min, a Política non é mais que unha cuestión de política, e. d., de medios, de oportunidade, de comenencia, de eficacia. Ora, ningún sistema pode acadar a sí o atributo da comenencia con eisclusividade. Isto varía, troca co tempo e o lugar e a xente. Non vaiades á crêr —como por ahí tanto se pregaa— que a autocracia seña mais eficaz que a democracia. Porque hai que facer unha pregunta previa: ¿eficacia política pra qué? A contestación é: pra to-

doi-os fins d'unha colexividade; non pra un sómente, sexa iste o da instrución ou o da forza militar. E os fins á atinguir son moitos e complexos; e ademais hai falsos fins (v. gr. o da dominación colonial e imperialista). Por ista razón comprirá moitas veces sere democrata, pois n-iste senso a democracia será mais eficaz que a autocracia.

Pois ben, hai que sere autonomista, no caso da Galicia, porque sómente n-unha eistrucción autónoma toparemos a eficacia que se require. Porque sómente c-unha eistrucción autónoma Galicia dará de si todo o que pode. Porque desenrolará mellor o seu matiz cultural. Será un rendimento ó máximo. Porque a vida, —espritoal, económica—, mellorará. En fin, porque unha eistrucción autónoma é o medio político que mellor l'acai.

Logo hai que vir adentro da nosa Terra. Tamén eiquí ten de escolleitárese o medio mais eficaz pra o fin comrexo de que falamos. Convirá pra Galiza —supóndoa xa con eistrucción autónoma cara afora— unha eistrucción autónoma cara adentro? Este é punto delicado. Hai que ter decote moi en conta a realidade, volto á repetir. E a realidade eiquí oferéscenos —é triste pero é certo— un panorama pouco fermoso. A inmensa maioría da poboación galega vive no agro; certo que moitos son pequenos propietarios mais non hai que se deixar enganar pol-a verba. Na súa situación de feito non se diferencian moito dos proletarios agrarios d'outras terras.

Tamén en Galicia hai o kulak, o usureiro, o que se vai quedando por hipotecas ou pactos de retro coas leiras, e as colleitas e as casas dos probes. O kulak é o tirano; escraviza a i-alma e o corpo. A el hai que lle dal-o voto e canto pida; mangonea ceibe e senlleiro na aldea. É o persoaxe inferior —de pequeno radio d'aición, mais de grande poder— da xerarquía caciquil. Ora, qué pasaría de conceder unha autonomía xeral, apriorística, uniforme a todas as bisbarras, e municipios da nosa Terra? Eu estrévome á temer moito d'elo. A miña fórmula —n-esto coma n-outras cousas— é: autonomía según comenencia.

A razón eiquí está en que no fondo de to-

do —do sociolóxico— tócase o económico primario. En tanto non teñamos resolto este problema previo toda construción ten que ir, pol-a forza, no ar. Por medidas axeitadas, matizadas, técnicas o goberno da Galicia ten de percurar enantes de nada a emancipación económica do labrego e do mariñeiro. Non teño que determe á tratar d'istas medidas que teñen hoxe acadado na teoría e na práctica de moitos países un desenrolo xurdio: cooperativas, caixas de préstamos, pósitos, etc.

Nas grandes vilas e aínda nas medianas cals non houbera nos máis dos casos iste perigo. Soe predominar unha certa independencia económica e a concesión d'unha ampla autonomía non podía senón ser benfeitora en grande marxe. O municipio vilego —heí de dicir de pasada que non compre, ó meu ver, ademitir o municipio aldeán, senón a parroquia e as agrupacións de parroquias— frolecería libre e autónomo, coma comunidade natural, c'un máisimmo d'atribucións.

Coma se ve a miña concepción no orde á eistrucción da Galicia leva un senso de oportunidade, d'adaptación ó feito, micrométrica que poidéramos dicir; levar o senso da comenencia á todos os recantos, por miudos que señan, da organización. Non xeralizar endexamais que o mundo é varío; rixidez, nunca —nin no tempo, nin no espazo—. Certo que d'iste xeito a Política é difizle e complicada; pero é eficaz. Pra os que dirixen os Estados existe a suxestión do simplismo, dos patróns uniformes, máis cómodos. Mais a verdadeira Política é o contrario de comodidade: estudo, traballo, sacrificio. Ollade que o país do mundo que dende fai xa tempo é o mellor gobernado, Inglaterra, ven tendo un sistema administrativo, unha organización complicada e matizadísima.

IV. A INFRUENCIA DO SOCIOLÓXICO NO POLÍTICO

Até d'agora vimos tratando d'unha cuestión de «deber ser»: que o político ten de percurar a realidade e orgaizala d'acordo coa súa natureza. Veñamos agora á ver como se comporta de feito o político ante iste imperativo, no caso concreto da Hespaña.

Teño pra mín que poucas terras haberá como as ibéricas donde a forma política estea mais alonxada de tal eixixencia. Un descoñecimento cando non un desprecio absoluto do dato sociolóxico priva na nosa eistrutura política.

Dende a organización dos Poderes supremos do Estado até os mais pequeneiros detalles da organización administrativa xurde, coma feito atergo, o mais radical divorcio coa realidade social. Fai xa moito tempo, moitos séculos, que o Estado hespañol ténse perdido. Veleiquí a razón única do noso fracaso hestórico.

Porque o sociolóxico non se somete tan doadamente á unha eistrutura política inaxeitada. Pol-a forza, pol-a momentánea castración espiritual d'un pobo pode impórsele un réxime nocivo. E pasará tempo, a vida social esmorecendo na forma falsa que conta e agañota as súas arelas. Mais queda o «resentimento», a represión o refreno imposto, lá nos fondos caboucos da subconsciencia colectiva. E a represión medra, e inza os espíritos e fina por reverquer, potente coma inundación, alén dos diques artificiais do constituído, ou por estoupar de súbito o efecto detonante d'un motivo levíán. Eis o fatal, seguro, comportamento do factor sociolóxico. A réplica, o refruxo sobr'o político.

Na Hespaña vimos tendo, xa dende anos, manifestacións no senso asinalado. De todas as bandas, en todos os tonos, Hespaña quer desfacer o que foi, o seu único buxeu. En canto n-elo se centra toda a eistrutura suicida do Estado hespañol dende o XVI. Hespaña anda á buscárese á si mesma, perdida como andaba, estraviada e desfeita. Anda á buscar a súa forma comprida e afacente. Teflamos esperanza de que se topará.

Esta intranquidade dos intres que vivimos, esta xeral arela que inza todos os pobos ibéricos, como denantes os tres nacionalismos das tres terras norteiras son o síntoma derradeiro da nova idade qu'alborexa.

V. AITUACIÓN ANTE UNHA ::POLÍTICA INAXEITADA::

Coma voś viña decindo, o problema máis

simo da Hespaña toda e moi singularmente o da Galiza é o do divorcio ante a realidade e a estreitura política. Ante elo o factor social ten de reaicionar. O que á nós compre é percurar que ista reaición sobreveña o mais cedo posibre. D'iste xeito os perigos serán menores, o perxuizo que aquilo poida traer non será tan grande. Hai que acelerar o proceso e salvar o enfermo o mais axiña.

Este é tamén un presuposto pra unha mais doada e mais perfeita eistructuración da nosa Terra.

A concencia d'ista necesidade ten de se sentir fonda e fortemente. Hai que espertala en todos os galegos, sentindo a dinidade humana do noso. O melloramento da Humanidade háse de realizar, non in abstracto senón eiquí e agora. Dígovos de certo qu'eu desconfío moito dos homes que adaman á Humanidade abstractamente e percuran, tamén abstractamente, soerguela. Son adoradores infecundos d'unha idea da súa mente, d'un ente de razón, sin realidade.

A Humanidade é unha suma de todas as pequenas humanidades de todas as terras. Non hai outro medio de amar sanamente, verdadeiramente á Humanidade que amar os seus múltiples sumandos. Traballar pol-o progreso d'unha terra concreta é traballar por ela. Sômente eisi é o traballo eficaz e realísimo. Cada un debe —sin xenreira nin odio pra as demais— traballar pol-a súa terra. Eis como o galeguismo é pra nós galegos da Galicia o único axeitado, fecundo, eficaz método de contribuir ó erguemento da Humanidade enteira.

Por estar máis preto de nós, por conocela mellor, por desenrolar n-ela a nosa aitividade, é a labourea á facer por nós, traballadores galegos da Humanidade. Amo á Galicia que de vida culta e rica e libre pol-o noso esforzo dará á Humanidade enteira a súa ricura, Galiza do mundo. Eu ollo como as novísimas correntes da Política van por iste camiño. Como a eisperencia rusa, a máis interesante eisperencia —en moito xa realidade acadada— da Política do noso tempo recolle ista invencible necesidade, e as entidades naturais do grande Estado ruso frolecen autónomas, libres pra o desenrolo do seu ser.

Ateleremos pois o proceso, endreitemos a

nosa roita, fagamos, coa nosa vontade, que o que debe ser, o que ten de ser, sexa o máis cedo. Que a nosa política sexa a que de certo acaia á realidade nosa.

Pra isto é mester —volto á decir— ser cada vegada mais galegos, amar o noso, traballar pol-o noso, que non é noso sómente, en propiedade, pero é noso en adeministración.

Ora, como hai que se comportar, xa eisternamente, presupondo a laboría social de espertamento colectivo, o cultivo o melloramento interno no senso da galeguidade en todos i-en cada un de nós? Suposta unha forma política vixente, inaxeitada e incomenente, prantéase o problema da súa substitución por outra comenente, eficaz. Hai pois que determiñar o medio máis comprido pra imprantazón d'un sistema novo. Problema de táctica, problema técnico.

N-ísteis problemas todo ten de subordearse á eficacia, ó fin, eiquí o atinguimento preno e seguro da imprantazón da nova estroitura. Pois ben, con sinceridade, eu confío sómente na acción directa. A ciruxía é sempre o medio máis craro, máis seguro, máis comprido. Á larga tamén o que eisiixe menos dóres e molestias, menos sacrificio, mais pronta i-económica solución. Toda compoñenda, que semella mais forratibre, é ó fin de contas máis cara. Hai a diferenza qu'eisiste antre un sacrificio forte e rápido e un sacrificio lene mais duradeiro, que está pingando arreo, facendo, ademais, dificilmente acadábre o fito. É mais caro ir botando mendo tras mendo á unha casa vella pra facela confortabre que derrubala i-erguer unha nova, dend'o teito ós cimentos. E ademais a diferenza entre o atinguido nos dous casos. Hai que botar abaixo casque todo o eisistente e construír de novo. Violentamente.

VI. DIREITRIZES

Cousa que me semella de importancia máisima na eistroituración autónoma da nosa Terra é a determinación das competencias que lle teñen de pertencer ó poder galego. De ren valería acadar unha autonomía manca. O problema seguiría en pé si antre as competencias do goberno da Galicia non figurasen as de primeira liña pra o seu des-

enrolo comprido. E témome moito qu'isto fique sen atinguír.

Hai primeiro a cuestión da vida material, da mantenza. Denantes de nada téñese qu'acadar o fin de xusticia social, de igualdade económica. A esto debe tender, en primeiro termo, toda actividade política. Traballo, único factor valorativo. Estroición de toda caste de privilexios basados en razóns d'outro orde. Privilexios sómente pra o traballo, que xa non-o serían.

En país probe, n-onde a xente viva mal, n-onde se xante mal, non pode esperarse auténtica liberdade. Isto é ben sabido. Ora pra que a laboura sexa compreta debe ter o Poder rexional un marxe amprisimo d'acción n-iste respecto. Sen perxuizo da tarefa de integración e harmonía total no económico que é da natural competencia do poder central, o Goberno da Galicia debe ser prenamente libre en todo o respeitante á nosa vida económica.

Outra cousa que é fundamental pertesza ó poder autónomo da Galicia é todo o que se refira ó desenrolo cultural. Si dependéramos d'outra terra en algo que tan ligado está coa formación do noso espírito, non sería posíbre chegar axeitadamente ó fin de máisima e perfeita situación das nosas posibilidades culturais. O noso desenrolo cultural ha tel-o senso e o matiz noso. Longos séculos d'esperencia triste en Galicia din ben craro canto é de afogadora a entrega en máns alleas da chave da nosa educación e da nosa cultura. E non temos dereito á privar ó mundo d'un matiz cultural qu'o enrequece en calidade!

Incremento da nosa vida cultural en intensión i en eistensión. Pero, sempre, asegún a nosa maneira. Protección, axuda i-estímulo pra toda laboura artística ou científica, pra toda entidade que taes fins se propoña, fecundando e vitalizando a iniciativa privada. E por diante sempre o erguemento e a dinificación e a difusión e o cultivo da nosa lingua, a mais xurdía eispresión da nosa i-alma colectiva, a corporeización da nosa unidade como entidade cultural.

Calquer outro xeito de competencias podería deixar o poder galego. Estas duas, non. Perpetuaríamol-o erro histórico. Galicia seguiría trabada, coutada, agañotada.

Nomes galegos da "Dixitalis Purpúrea L."

Por F. BOUZA-BREY

POL-o final da primaveira, comenzan as frores roxas da «dixitalis» á pendurar ledamente do varal en que asentán e non hai en toda a terra galega recanto que elas non decoren nin corredoira que elas non veíren graciosamente por cáseque todo o vrán. O Pae Baltasar Merino na súa «Flora...» describe a pranta de iste xeito:

«Perenne o bienal de $\frac{1}{2}$ a 1 m. de altura, máis o menos cano-tomentosa; tallo erguido, robusto, fistuloso y a menudo ramoso; hojas aovado oblongas o aovado-lanceoladas, apiculadas, festonado-dentadas, tomentosas y rugosas por el envés, las inferiores y medias pecioladas, las superiores casi sentadas; flores grandes, colgantes, en racimo laxo, alargado, ladeado; brácteas ovaladas o aovado-lanceoladas; pedículos patentes o encorvados de la longitud de las brácteas y de los cálizos próximamente; divisiones del cáliz aovado-oblongas, siendo más angosta la posterior; corola purpurina señalada con pintas rojas rodeadas de cerco blanco en el interior que es pubescente; lóbulos del limbo ciliados, el inferior más largo que los otros tres; estilo purpúreo o violáceo, pubescente; caja aovado-cónica pubescente, poco más larga que el cáliz; semillas pardas alveoladas» (1).

Pertéscese á familia das escrofulariáceas, xénero «dixitalis» de Linneo e a popularidade que acada na etnografía nosa ben merez fiquen consignada a descripción científica devandita. Conécense dúas variedades en Galiza cuxo estudo intresa ós botánicos especialistas.

Máis nós, agora, prescindimos das creencias populares que asinan virtude á ista pranta contra meigas e trasnos quenes deixan de entrar nas vivendas en vendo aduial-as portas das casas no día de San Xo-

hán cos seus ácios purpurinos que son o mesmo tempo agoiro de felicidade (1), e damos n-esta nota a variedade de nomes que levamos recollidos dos beizos do pobo galego pra desinar o noso vexetal.

Son estes: *Abrula*, *aveluría*, *alcroques*, *balocos*, *belitroques*, *bilincroques*, *bilitroques*, *clóques*, *cócalos*, *cocos*, *crocas*, *estralantes*, *estraloques*, *estralotes*, *estraleques*, *palitroques*, *saxxoháns* e *troques*.

Do eisamen de tal nomenclatura resulta que as dúas primeiras formas parecen referirse á pranta no seu conxunto namentras que as demais fan referencia ás frores en espezal.

Podemos agrupar os nomes de iste xeito:

1.º NOMES QUE SE REFIREN A TODO O VEXETAL.

Abrula;
Aveluría.

2.º NOMES QUE FAN REFERENZA ÁS FRORES COS SUBGRUPOS SEGUINTE:

a) NOMES ORIXINADOS POL-A ÉPOCA DA FLORESCENZA,

Saxxoháns (2).

b) NOMES DERIVADOS DO VERBO «ESTRALAR», POL-AS RAZONS QUE DIREMOS:

Estralantes.

c) NOMES ONOMATOPÉICOS IMITANDO O SON PRODUCIDO POL-O ESTRALIDO DAS FRORES:

Adcroques;
Clóques;
Cócalos;
Cocos;

(1) O P. Merino di que o adueirar, en Fonsagrada e outras partes, as casas o día de San Xoán cos ácios frondosos da «dixitalis» é agoiro de felicidade e preservativo de meigas e trasnos que non entran nas vivendas.—(Op. cit. pág. 92, nota).

(2) Merino coíde que o nome *saxxoháns* provén do costume a que se fai referencia na nota anterior.—(Vid. loc. cit.)

(1) Baltasar Merino, S. J. «Flora descriptiva e ilustrada de Galicia», Tº. II.—Santiago, 1906, pág. 92, a seguintes.

Crocas;
Troques

d) NOMES COMPOSTOS FORMADOS POL-A UNIÓN DOS GRUPOS E SUBGRUPOS; COS APARTADOS QUE SEGUEN:

a) NOMES FORMADOS CA XUNTANZA DE UNHA RAIZ ORIXINARIA DO GRUPO 1.º E O NOME ONOMATOPEICO:

Balocos;
Bilitroques;
Bilincroques;
Bilitroques;
Palitroques.

b) NOMES FORMADOS CA XUNTANZA DO VERBO «ESTRALAR» E O NOME ONOMATOPEICO:

Estraloques;
Estralotes;
Estraleques.

Ista grande variedade de nomes que o pobo galego lle dá á pranta silvestre que ben podeira ser a súa predilecta, só foi empregado en pequena parte pol-os escritores. Aínda Rosalía, encadrando a súa escelsa imaxinación no marco homilde de un léisico ruín, descoñeceu ista gama onomástica e empregou a verba erudita na inspiradísima poesía descriptiva do mosteiro de San Lourenzo de Compostela, cando di que

*No profundo da fonte escondida
Medraban con liberdade,
Ante as silvas as violas
Ante o buxo, dixitales,...* (1).

Modernamente, Noriega Varela fai uso de un dos nomes mais enxebres de todol-os devanditos pra desinñar á nosa pranta chamándolle

Xoiña dos veirales, linda abrula,...

e nós puxemos ós *bilitroques*, n-unha nosa poesía, aludindo á «dixitalis».

A verba *abrula*, parez ser empregada en terras de Ourense; *aveluria* foi recollida por Merino e nós de il a tomamos (1) así como *alcroques*, *balocos* e *bilincroques*, son nomes de Lugo; *bilitroques* e as súas variantes son bastante coñecidos en toda Galiza e nós recollimos a primeira en Vilagarcía; *cócalo*, que nos parez a mais poética de todas as formas e a mais dina con *abrula* e *bilitroque*, de pasar ó linguaxe literario, procede de Montillón, Souto, concello d-A Estrada, de cuíñas parroquias de Arca e Somoza viñeron *cloques* e *crocas*, respectivamente. *Sanxoháns* é propio das terras de Cotobade (2).

Quenes mais coñecen iste vexetal dos nosos campos son os rapaces que xogan cas frores. Aproveitan a súa feitura tubular pra faguelas estralar pechando previamente cos dedos índice e pulgar a corola pol-a banda que está aberta e comprimíndoa rápidamente cara o outro extremo que permanece colido pol-os mesmos dedos da outra man. O sonido que con ista operación se produz é moi semellante a *clóc* de onde derivan as formas aludidas denantes.

Asegún isto o nome *cloques* sería o que mellor observaría o fenómeno acusticamente.

Finalmente diremos que o nome vulgar *dedalera* con que é coñecida en Castela ista pranta non parez ter correspondenza antre nós, e por tanto, tampouco a ten o vocábulo culto «digitalis» (*digitus*, dedo) da mesma sifilización, sendo curioso observar como o pobo galego non foi impresionado pol-a forma da corola, quizáves pol-a abondosidade de especies da familia das escrofulariáceas, que a presentan semellante.

(1) Op. cit. Tº. III, páx. 573.

(2) O nome de *palitroques* topónimo en Marcial Valladares «Diccionario gallego-castellano». - Santiago, 1884, páx. 518. — e non nos parez dilo de ser tomado en conta por canto é corrupto de *bilitroques* por semellanza fónica das dúas palabras xa que en léxico galego desin a primeira calquer pauciflo pequeno e mais concretamente os de tocar o tamboril.

Tampouco nos parez esaxto o que Valladares di no artigo cit. respecto a que os estralidos que os rapaces fan dar ás corolas das nosas frores sexan por golpes contra da fronte ou da palma da man, non somente por que nós nunca o fixamos nin o ollamos facer de tal xeito na nosa añez, senón por que a configuración da base da corola non o permite.

As que se fan estralar por tal procedemento son as follas da rosa.

(1) Rosalía Castro de Murguía, «Follas Novas». — Habana, 1880, páx. 207.

LEABHAR GABHÁLA

LIBRO DAS CONQUISTAS D'IRLANDA

CAPÍTULO XIII

(Remate).

Da toma do reino da Hespaña por Donn, fillo de Mil e por Eremhon, do seu irman, despois da morte do pai: da vida de Ith fillo de Breoghan a Irlanda, e da sua morte pol-os Tuatha de Danann. Da vida dos fillos de Mil pra vingalo, das batallas que foron rifadas antr'iles, da división d'Irlanda antre Eremhon e Emer Finn, dos fortes ergueitos por iles na Irlanda é eiquí relatado.

163. Despois da morte de Mil, coma temos dito, Emer Donn e Eremhon, seus dous fillos tomaron o regimento e principal goberno da Hespaña antr'os dous.

164. Ali había un irman do pai de Mil, Ith, fillo de Breoghan co-iles; era esperto e cumprido na coñecencia e instrución. Unha vez no intre en que Ith n-un craro serán d'inverno, estaba no outo da torre de Breoghan, contemplando e fitando os catro cadrantes, pareceulle que vía unha sôma e semellanza d'unha terra e ergueita insua aló no longe. Baixou ond'os seus irmans e relatoulles o que tiña visto; e dixo qu' estaba vigiante e cobizoso de ver a terra que l'aparecera. Breg, fillo de Breoghan, dixo que non era terra o que vira, senon nubens do ceo, e qu' éralle embarazoso o ir a tal expedición. Mais il non consinteu en quedar.

165. Enton trouxo o seu barco ao mar, e meteuse n-il co seu fillo, Lugaid fillo d'Ith, e outros do seu pobo. Navegou car' Irlanda, e as suas aventuras no mar non son relatadas, senon somentes que colleron achego en Brentracht de Magh Itha. Os veciños viñeron á ribeira a interrogalos e cad'un d'iles refireu novas ao outro en scotica lingua. Ith reguntou o nome da terra a que viñeran

dar, e quen tiña autoridade sobr' ela. «Inis Elga», dixeron iles, «Mac Cuill, Mac Cecht e Mac Greiniu os nomes dos seus reis.»

166. Aconteceu no día aquil qu'estaban moitos chefes e nobres d'Irlanda en Ailech Neid, pondo paz antre Mac Cuill e o seus irmans. Porque dicían qu'il tiña demais dos bens de Fiachna fillo de Dealbeath, que tiña morto enantes. Cando Ith ouviu aquilo marchou co seu fillo e con dous tercios do seu pobo pra Aileach. Os reis acollérono cando chegou á asamblea, e despois qu'estivo un pedazo antr'iles, contaronlle o asunto sobre do que andaban en oposición e contención, e a causa da sua juntanza e asambleamento n-unha plaza. Ith pasaba aos jueces d'aquil tempo en esperteza; e asosegou toda porfia e contención antr'iles. E díxolles:

167. «Facei justa reititude. E' comenente pra vós mantéredes unha boa irmandade. E' justo pra vós ter unha boa disposición. Boa é a vosa terra e o patrimonio qu' ocupades; abondosa a sua colleita, o seu mel, o seu peixe, o seu trigo e todo o seu outro grao. Moderada a sua calor e o seu frío. Todo o qu'abonda pra vós haino eiquí.» Entón despidense d'iles e foi pra o seu barco.

168. Os nobres determináron de matalo, de ciúme pol-a Irlanda, e pol-o testemoio d'aprecio que dera da insua; e mandaron moita gente atrás d'il, tanto que foi ferido de morte en Magh Iotha, tanto que d'il colleu o chao o seu nome. Chegou ao seu navío ferido e sangrando, pol-o valor e braveza do seu pobo; así morreu coiles no seu navío, riba do mar.

169. Cando chegaron a Hespaña e amostaron o corpo d'Ith aos seus irmans, iles foron angustados e doídos pol-o seu morto. Enton os fillos de Mil e a posteridade de Gaedhel en xeral matinou qu'era comenen-

te e propio pra iles o ir vingal o seu irman nos Tuatha de Danann. Decidírono por fin. Ajuntaron os seus guerreiros e os seus homes de valor de todos lados ond' estaban, pol-as terras e distritos, ata qu'estiveron nunha plaza en Brigantia, numerosos e de cheo ajuntados. Enton os fillos de Mil, cos seus irmans e parentes e o seu pobo en xeral, botaron seus navíos ao mar pra iren a Irlanda a vingal a ruína acollida dos Tuatha De Danann. Tres ringleiras e cinco navíos eran a conta da expedición; corenta chefes o número dos seus condutores, con Donn fillo de Mil á cabeza. Istes son os nomes dos seus chefes:

Emer Donn	Muimne	Emer fillo d' Ir	Lughaidh	Caicher
Eremon	Luighne	Bregha	Lui	Suirge
Eber Finn	Laighne	Cuala	Bile	En
Ir	Palap	Cuailnge	Buas	Un
Airmirgin	Er	Bladh	Bres	Eatan
Colptha	Orba	Fuad	Buaighne	Sobairce
Airech Febra	Feron	Muirthemhne	Fulman	Sedga
Erannan	Fergin	Ebhlíne	Mantan	Goisten
		Nar		

Os dez derradeiros d'istes chefes a saber: Fulman, Mantan, etc., eran campeós.

170. Pra conmemoral-os nomes d'aquiles chefes e guieiros isto foi dito; Flann o compuxo:

- a Os chefes da viaxe sobr'o mar, por quen os fillos de Mil víñeron, andiven recollendo toda a vida, os seus nomes sen lixo.
- b Donn, Eremon, o nobre Emer, Ir, Airmirgin sen parcialidade, Colptha, Airech-Feabra o agudo Brannan, Muimhne fino e pulido
- c Luighne, Laighne, Palap o ditoso Er, Orba, Feron, Ferghin, Eber fillo d' Ir, Breagha, eu direi Cuala, Cailnge, Bladh barudo e forte.
- d Fuad, e Muirthemhne con scna, Ebhlíne, Nar, e Lughaidh, Lui, e Bile, Buas con loita, Bres, Buaighne, e Fulman.

e Manntan, Caicher, o lanzal Suirghe, En, Un, e o severo Etan Sobairce, Sedga o da lanza E Goisten o campeón.

f Iles conqueriron a nobre Irlanda contr'os Tuatha De de penoso horror en vinganza d'Ith o dos corceles trinta, dez, e un chefe.

171. Canto aos fillos de Mil, navegaron na gran expedición na mar d'Irlanda, e non pararon na carreira ata que viron a distancia a insua do mar. E cando viron Irlanda, os seus guerreiros andiveron á competencia remando e navegando o mais adiante na sua cobiza e anseio de chegar; tanto que Ir fillo de Mil avanzou unha ola a todo os navíos pol-a sua forza e valor. Asina Eber Donn fillo de Mil, o mais vello d'iles, tivo ciúme e dixo:

«Non está ben feito
Qu' Ir vaia diante d'Ith»

ou sexa, diante de Lughaid fillo d'Ith, porque Lughaid ten o nome d'Ith. Enton o re-

mo que estaba na man de Ir crebouse, así que Ir caíu pra trás no traveseiro, tanto que ali partiu o espíñazo en dous; e morreu á noite seguinte, e iles conservaron o seu corpo namentras andiveron pol-o mar, ata que o enterraron despois en Sceillic de Iorrais Deiscert de Corco Duibhne. Cheos de pena foron Eremhon, Eber Finn e Aimirgin pol-a morte do seu irman; e dixeron a unha, qu'era justo qu' Eber Donn non gozara da terra sobre de que tiña enveja do seu irman, ou seña d' Ir.

172. Os fillos de Mil tomaron terra en Inbher Stainghe. Os Tuatha De Danann non aturaron que viñeran tomar terra ali, porque non tiñan mantido parlamento coiles (?) Iles fixeron pol-a súa druideiría que non aparecera aos fillos de Mil a región non era comarca ou illa, territorio ou terra diante d'iles. Iles arrodearon Irlanda tres veces ata que por fin tomaron porto en Inbher Scene; en terza feira, en canto ao día da semán, no día antes das Calendas de Maio, o decimosé-timo día da lua; *Anno Mundi* 3500.

173. Enton chegaron ao cabo de tres días a Sliabh Mis. Banba topounos en Sliabh Mis, coa hoste de druideiría e d'astucia. Aimirgin preguntoulle o seu nome. Ela dixo «Banba», dixo ela, «e é do meu nome que Banba é nomeado com' un tídoo pra esta bisbarra.» E ela demandoulles unha petición, qu'o seu nome quedara pra sempre na insua. O que lle foi concedido.

174. Despois iles tiveron conversa con Fodla en Eblinne, e o poeta Aimirgin preguntou o nome d' ela do mesmo xeito. «Fodla» dixo ela, «e por min é esta terra nomeada». E pregoulles qu' o seu nome poidera ficar ali, e foille concedido.

175. Iles parolaron con Eriu en Usnech de Midhe. Ela díxolles: «Guerreiros» dixo ela «benvida a vós. Hai tempo qu' a vosa chegada está predita. Vosa ha ser a insua pra sempre. Nona hai millor no mundo. Non haberá raza mais perfeita qu' a súa.»

«Ben está iso», dixo Aimirgin. «Non a ela damos gracias por elo», dixo Donn, «senon

aos nosos deuses e ao noso poder.» «Elo é nada pra ti», dixo Eriu, «ti non terás proveito da insua nen teus fillos. Un don pra min, ou fillos de Mil e fillos de Breoghan, qu'o meu nome poda ficar n-esta insua». «Ha ser o seu principal nome pra sempre» dixo Aimirgin, «principalmente Eriu».

176. O Gaedhil foi pra Temair. Agora Druim Cain era o seu nome, no tempo dos Tuatha De Danann, mais Liathdruim era o seu nome antr' os Fir Bolg. Estaban tres reis diante d'iles en Liathdruim, a saber Mac Cuill, Mac Cecht e Mac Greine. Os fillos de Mil demandaron batalla de realeza ou xulgamento d' iles.

177. Iles sentenciaron aos fillos de Mil qu' iles terían posesión da illa, ao cabo de nove días marcharen, rendírense ou presentáren batalla. «S' o meu pensar fora seguido» dixo Donn fillo de Mil «é unha batalla o qu' habería». Os fillos de Mil non asentiron ao aplazamento buscaron aos Tuatha De Danann. «Nós damosvos, dixeron os reis, o xulgamento dos vosos propios poetas, porque s' iles dan un falso xulgamento contra de nós, iles morrerán dos nosos elementos (?) na deshonra». «Dá o xulgamento, Aimirgin», dixo Donn. «Eu falo esto» dixo Aimirgin. «Sea a terra deixada a iles ata que nós veñamos de novo por forza.» «Onde imos ir?» dixo Eber Donn. «Riba de nove olas», dixo Aimirgin: e dixo asina:

Os homes qu' atopáchedes son de posesión (?):
riba de nove aguzadas (?) olas
do mar adiantade vos:

Coma non seña por voso poder (enton) esta-
[brecido]

prepárese aixiña a batalla (?).

Eu cedo a posesión

se vós queredes acoller (esta) sentencia

se vós nona queredes acoller:

non son eu quen digo (esto) a vós.

178. «Se fora o meu consello o que se fixera» dixo Donn fillo de Mil, «habería batalla.» Non embargante os fillos de Mil foron polo aviso e xulgamento d' Aimirgin de Liathdruim a Inbher Scene, o lugar onde tiñan

deixado as suas naos; ata que pasaron riba de nove olas. «Confíemnos nos poderes», dixeron os druidas, «qu'íles nunca poidan chegar a Irlanda.» Coísto os druidas botaron ventos druídicos atrás d'íles, tanto que o fondo d'area era levantado ata a superficie da mar, tan grande era a tromenta, e tanto a tromenta os colleu car 'o Oeste no oceano, ata qu'íles foron cansos. «Un vento de druidas é iste» dixo Donn fillo de Mil. «Éo sen dúbida,» dixo Aimirgin, «coma non seña

mais outo qu'o palo; vai mirar, pra nós, se é asina.» Erannan, o mais novo dos fillos de Mil, foi ao outo do palo e viu que nono había por riba d'il. Coísto caíu nas táboas do navío d'outo o palo, tanto que rompeu os membros.

179. «Unha vergonza pra os noíños homes instruídos é isto,» dixo Donn, «non contel-o druídico vento.» «Non ha ser vergonza» dixo Aimirgin erguéndose, e dixo:

Eu invoco a terra d'Irlanda
 Moí sulcado seña o fértil mar,
 Fértil seña a montana coberta de froitos,
 Coberta de froitos seña a choviñosa selva,
 Choviñosa seña o río de cadoiros,
 De cadoiros seña o lago de fondo leito,
 De fondo leito seña o recinto do cume do outeiro
 Un recinto de tribus seña a asambreia,
 Unha asambreia de reis seña Temair,
 Temair seña un outeiro das tribus,
 As tribus dos fillos de Mil,
 De Mil o dos navíos, as cortizas
 Que a outa cortiza seña Irlanda,
 Outa Irlanda, escuramente [cantada]
 Unha encantación de gran astucia,
 A gran astucia das mulleres de Bres,
 As mulleres de Bres, de Buaigne;
 A gran señora Irlanda,
 Eremon conquiereuna,
 Ir, Eber apelidaron por ela.
 Eu invoco a terra d'Irlanda.

180. Unha tranquila calma veu a íles no mar no mesmo instante. Dixo Donn: «Eu porei baixo o gume das lanzas e espadas os guerreiros qu'están na terra agora, somentes deixádeme terra.» O vento medrou de novo, tanto que arredou d'íles o navío no qu'iba Donn e foi solagado no Dumhacha. Vintecatro guerreiros de valor, doce mulleres e catro mercenarios co seu pobo, era a conta dos que foron solagados con Donn n-aquela nao. Despois d'isto, Donn foi enterrado no Dumhacha; tanto que d'il é chamada «Casa de Donn» e ali está a súa propia mámoa e as mámoas de todos os que foron afogados dos chefes do seu pobo coill, no devandito lugar. Agora Dúil, filla de Mil, Eremon enterrouna pol-o amor que tiña por ela, tanto que dixo

póndolle unha presa de terra. «Esta é unha presa de terra n-unha amada,» dixo il. Istes son os chefes que s'afogaron con Donn n-aquil tempo: Bile fillo de Brighe, Airech Febra, Buas, Breas, e Buaigne. Ir foi enterrado en Sceillic de Iorras, coma dixemos enriba, Erannan morreu na enseada despois d'ir contemplar o vento, e despois crebando os seus ósos na cobertura. Oito capitás-foron as suas perdas d'antre os seus nobres ata entón.

181. Na noite en qu'os fillos de Mil víñeron a Irlanda [foi] o reventamento de Loch Luighdech sobr'a terra en West Munster. Cando Lughaidh, fillo d'Ith, s'estaba ba-

fiando no lago, Fial, filla de Mil, a sua muller estabase bañando no río que cola fora do lago. Lughaidh foi ao lugar ond'estaba a muller estando encoiro; e cando ela o viu

d'aquil geito, morreu de vergonza, e entón de ela é chamado o río co-a sua enseada. Desfeito era Lughaidh despois da morte da muller, e asina dixo:

- 182 a Sentémonos eiqui sobr'a ribeira,
tempestoso o frío,
rechinando os meus dentes — unha gran tragedia
é a tragedia que m' aconteceu.
- b Eu cóntovos unha muller morreu
a quen a sona manifica;
Fial seu nome, de un guerreiro a desnudeza
sobr' a limpa area.
- c Unha morte é a morte que m' atingiu
feramente abateume;
a desnudeza do esposo, ela mirou n-il
que ficou eiqui.

183. Seis mulleres dos seus nobres foron suas perdas no mar e terra dende que partiron da Hespaña deica entón. Istes son os seus nomes: Buan, muller de Bile; Dil, muller de Donn; Scene a satírica, esposa de Aimirgin Branco-gionllo (ela morreu coiles no mar namentras viñan a Irlanda; así qu' Aimirgin dixo, «O porto onde collamos terra, o nome de Scene será n-il.» Isto foi certo, porque d' ela é nomeado Inbher Scene). Fial muller de Lughaidh fillo d'Ith; a muller d'Ir, e a muller de Muirtheimne fillo de Breoghan, foron as outras duas.

184. Cand' os fillos de Mil chegaron a terra na enseada que deixamos menzoado, e cand' houberon enterrado a tropa dos seus nobres que tiñan morto antr' íles, Eremon e

Eber Fian dividiron a flota cos seus capitás e servintes en duas partes antr' íles. Eremon navegou despois d' isto con trinta naos deixando Irlanda a man esquerda e arribou a Inbher Colptha. Istes son os capitás qu' iban coll: Eber fillo d'Ir, Aimirgin o poeta, Palap, Muimhne, Luighne, Laighne, Bregha, Muirtheimne, Fuad, Cuialnge, Colptha, Goisten, Setga, Suirge e Sobhairce. Os tres darradeiros eran campeós. Istes eran os escravos qu' estaban con Eremón: Aidhne, Ai, Asal, Mide, Cuibh, Cera, Ser, Sian, Lighen, Dul, Tregha, Line.

185. Avanzando o seu pé dereito en Inbher Colptha, foi cando Aimirgin dixo a rap-sodia:

Eu son o vento no mar.
Eu son unha ola no oceano.
Eu son o baibor do mar.
Eu son un poderoso boi.
Eu son son un falcón no penedo.
Eu son unha pinga d' orballó no craror do sol.
Eu son...
Eu son un porco bravo de valor.
Eu son un salmón na laga.
Eu son un lago n-unha chaira.
Eu son a forza da arte.
Eu son unha lanza con despoños que move batalla.
Eu son un home que fai lume por unha testa.

Quen esprica a silla de pedra da montaña?
 Que o lugar no que repousa o sol?
 Quen viu paz sen rexeir sete veces?
 Quen apelida os cadoiros? (?)
 Quen trai o seu gando da casa de Tethra?
 A quen favorez o gando de Tethra? (?)
 Que person, que deus,
 Fai armas n-un castelo? (?)
 N-un castelo que mantén satíricos,
 Canta unha petición, divide as letras d' Ogham,
 Arreda unha flota, ten cantado loubanzas,

un sabio satírico.

186. Il cantou despois pra que medraran os peixes nas badías:

Mar cheo de peixe—
 fértil terra—
 reventar de peixe—
 peixe debaixo da onda—
 con carreiras de paxaros—
 duro mar—
 unha branca sarabea—
 con centos de salmós—
 groseira balea—
 unha balada de porto—
 un reventar de peixe.

187. Tocantes a Eber Finn fillo de Mil, estivo no sul, con trinta naos coll, ata que viñeron despois á hoste das batallas que foron rifadas antr' iles e os Tuatha De Danann. Istes son os capitás qu' estaban con Eber, Lughaidh fillo d' Ith, Er, Orba, Feronn, Fergna, os catro fillos d' Eber, Cuala, Blad, Ebleo, Nar, En, Un, Etan, Caicher, Mantan, Fulman. Os seis derradeiros, En, Un, etc, eran campeós. Istes son os escravos qu' estaban coll: Adhar, Aighne, Deisi, Deala, Cliu, Morba, Fea, Liffe, Femen, Feara, Medha, e Olba.

188. Cand' os fillos de Mil chegaron a un lugar, non fixeron demoranza ata non chegaren a Sliabh Mis; e a batalla de Sliabh Mis foi rifada antr' iles e os Tuatha De Danann, así qu' a vitoria foi cos fillos de Mil, e moitos dos Tuatha De Danann foron matados n-aquela batalla. Foi ali onde Fas, muller de Un fillo de Uicce, casu, de quen é nomeado

Glenn Faise. Scota, muller de Mil casu no mesmo val; d' ela é nomeado «cova de Scota», antre Sliabh Mis e o mar. Os fillos de Mil foron despois a Tailtin, outra batalla foi rifada antr' iles e os Tuatha De Danann ali. Feramente e con ardido corazón se rifou, porqu' iles estiveron dendi a mañan á noite combatendo desmembrándose e mutilándose uns aos outros; ata qu' os tres reis e as tres rañas d' Irlanda ali morreron. Mac Cecht, por Eremon, Mac Cuill por Eber Finn, Mac Greine por Aimirgin, Eriu por Suirghe, Banba por Caicher, e Fodla por Etan. Istas foron as mortes dos seus chefes e príncipes. Despois d' esto os Tuatha De Danann foron botados ao mar, e os fillos de Mil e a sua hoste estiveron longo tempo seguindo-lles o rastro. Ali cairon, non embargante, dous nobres chefes do pobo dos fillos de Mil que contribuíron á derrota, a saber; Fuad en Sliabh Fuad, e Cuailnge en Sliabh Cuailnge, juntamente c' outros guerreiros acarón seu, que morreron juntamente d' entrambal-as bandas. Cando Os Tuatha De Danann foron aniquilados e botados nas batallas que foron rifadas antr' iles, os fillos de Mil colleron o señorío d' Irlanda.

189. Despois d'isto erguéuse unha competencia antr' os fillos de Mil pol-o reinado, ou seña antr' Eremon e Eber, tanto qu' Aimirgin foi traguido a pór paz antr' iles. Asina dixó il qu' o herdamento do máis nobre, de Donn, dérase ao máis novó, a Eremon, e o herdamento d' iste a Eber despois d' il; Eber non acetou isto, senon qu' insistiu en dividir Irlanda. Eremon conformouse en facelo. Ir-

landa foi dividida en dúas antr' iles despois d' isto: a metade contra o Norte pra Eremon, dende Sruh Brain ao Boyne e a metade contra o Sul pra Emer, dend'o Boyne a Tonn Chlidna. Había cinco capitás na división de cada un. Con Eremon primeiro; Aimirgin, Sedga, Goisten, Suirghe e Sobhairce. Agora n-ist' ano istes castelos foron ergueitos por Eremon co seu pobo: Rath Beothaigh, por riba do Nore, en Argat Ros; Rath Oinn, no territorio de Cuala, por Eremon; o Causeway d' Inbher Mor no territorio d' Ui Enechglais, por Aimirgin; a construción de Dun Náir, en Sliabh Modhoirn, por Goisten; a construción de Dun Delginse, no territorio de Cuala, por Sedga; a construción do seu castelo por Sobhairce en Morbolg de Dal Riada; a construción de Dun Edair por Suirghe. Istes son os castelos ergueitos por Eber e istes os capitás qu' estaban coll: Etan, Un, Mantan, Fulman e Caiche foron os seus capitás. Rath Uamhan, en Leinster, foi ergueito por Eber; Rath Arda Suird por Etan, fillo de Uicce, a construción de Carrig Blaraigne por Mantan; a construción de Carrig Fethaidhe por Un fillo de Uicce; a construción de Dun Airdinne por Caicher; a construción de Rath Rioghbard, en Muirese, por Fulman.

190. Así que pra comemoración de certo das ditas cousas foi dito:

- a A expedición dos fillos de Mil polo mar dend'a Hespaña de craros navíos, tomaron, non é feito de falsía, o chao da batalla d' Irlanda n-un día,
- b Esta é a conta dos qu' iban no mar con moitedume de caudal e gente a brava ostentación Deus os trouxo con sesenta e cinco escollidos baixeles,
- c Tomaron terra na nobre enseada que é chamado o branco baluarte; foi unha causa de doenza, un intento [sen fracaso da vista do guerreiro Lughaidh.
- d Dend' entón dend' esto adiante a enseada de Fial de generosas bandas dend' o día en qu' ela morreu en branca [Banba

Fial, filla de Mil da Hespaña.

- e Ao cabo de tres días, brillante preparación, os Tuatha De rifaron a batalla de Sliabh Mis, gloria sen fracaso [caso contr' os grandes fillos de Mil.
- f Iles venceron, sentenza sen reproche, a batalla contra da loira Banbha, onde morreu Fas, trenzada en verso, coa moi fermosa filla de Pharaon.
- g Enantes de finar un ano, era duradei- [ra sona antr' os capitás da pesada hoste, en dúas veces seis divisións, unha plane [cente carreira, iles despois dividiron Irlanda.
- h Riba do lado norte, un camiño sen [pena; Eremon era tomado com' outo principio; [cipe; de Sruh Brain, cuíos versos sobre todas as tribus de Boyne.
- i Istes son os cinco gardiás de goberno que o quixeron acompañar; Aimirgin, Sedga tamén Goisten, Sobairce, Suirge.
- j Eber, fillo de Mil gtacia abondoso, colleu a metade sul, dend' o eterno Boyne, escolleu a parte á onda da filla de Genann.
- k Istes son os cinco con centos de fazas- [ñas os chefes qu' estaban subordinados a il; Etan, e Un de ledó goberno, Mantan, Fulman e Caicher.
- l N-iste mesmo ano os reales fortes foron cavados (dug) pol-os fillos de Mil, honra de prendas despois da chea división da illa d' Irlanda. [landa.
- m Rath Oinn, Rath Beothaigh eiquí, por Eremon en Argatros; en Sliabh Mis, despois de series de [agoiros a construción de Dun Nair por Gosten.

- n Suirghe amplamente extenso, a quen
[desplegou o valor,
ergueu o outo Dun Eadar;
e a fundación, unha gloriosa empresa,
da súa fortaleza por Sobhairce.
- o Por Emer de brillante valor, foi cavado
Rath Uaman no chao de Leinster;
Rath Arda Suird, elo enquentouno,
foi cavado por Etan, fillo de Uicce.
- p Rath Carraig Fetha asina,
foi feita por Un, fillo de Uicce;
e por Mantán, un glorioso feito
a fundación de Carraig Blarraighe.
- q Rath Rioghbhaird no bon Muireasc
o moi agudo Fulman o ergueu
Caicher das batallas, unha placente rea-
[lización
tomou Dun Iane no Oeste d' Irlanda
- r Istes son os seus feitos de valor,
da crara, gloriosa, gran hoste real;
era unha gran empresa, despois da ba-
[talla sen mancha;
a iles era cada proveito, cada expedi-
[ción.

191. Das aventuras do Gaedhil, dende o tempo en que veu da Scythia ata que tomou Irlanda, e a división d' Irlanda antr' iles, cos seus capitáns, o poeta Roighne Roscadach fillo d' Ughoine Mor, dixo a Mal fillo d' Ughoine, seu irman, cando Mal lle preguntou:

«Canta a descrición en gran coñecencia d' Irlanda, Ou Roighne,» Roighne respondeulle e dixo:

Ou nobre fillo d' Ugoine,
coma pode un chegar á coñecencia d' Ir-
[landa,
a conquista dos seus compañeiros (?) ?
Antes qu' iles inundaran a Scythia,
chegaron ao rei de Shinar;
chegáronse ao Egipto,
onde Cingris foi estinguído,
tanto qu' unha gran tropa foi destruída
que morreu no Mar Rubio.
Solagáronse n-un espazo moi fidel (?)
con Pharaoh batéronse
Niul contratou con Scota,

a concepción dos nosos pais,
tomaron o nome de «Gaedhil,»
o nome «Scota» espallaron
a bela filla de Pharaoh
Iles espallaron terras,
romperon dentro da Scythia,
detremiñou longo combate—
os fillos de Nel e Noenbal.
Golamh era un mozo señor,
que matou ao fillo de Neman
fuxiu a Egipto,
onde era Nectanebus.
Pharaoh era ditoso
a Golamh, deu
un casamento Nectanebus,
Scota estaba á cabeza dos Scots:
Un nome foi trocado d' iles.
Iles avanzaron pasada Africa,
bon era o home baixo quen iles tremían (?)
Fenius Farsaidh, o agudo,
ben espallou pra nós un duradeiro nome.
Chegaron á Hespaña
onde foi nada numerosa prole,
Donn, Airech, Almirgin,
Eber, Ir, Colptha mesmo,
Eremon, Erannan,
os oito fillos de Golamh.
A Sona de Mil veu sobre d' iles
os fillos de Mil afortunados;
os seus escolares resolveron
divididos navíos
os homes volveron dende (o enterro de) Fial.
Iles dividiron Irlanda,
en dúas veces seis, en herdamento dos ca-
[pitáns,
precura a verdade de cada lei,
relata agudamente o inquérito,
... ou fillol

192. Despois qu' Eremon e Emer houberon dividido os capitáns, tiveron dous distintos artistas que viñeran na súa compañía dende o oriente, a saber, un poeta e un tocador de harpa. Cir, fillo de Cis, era o poeta, Cennfhinn o harpista. Botaron sorte antr' iles pra saber quen se quedaría con cada un d' iles, tanto que pola decisión da sorte, o tocador de harpa foi car' o Sul, con Eber, tanto que entón a melodía de música e harmonía siguen na parte do Sul. O poeta foi onda Eremon, tanto qu' a coñecencia da

poesía e canto sigueu no Norte sempre despois. Pra comemorar isto foi dito:

a Os dous fillos de Mil, sonados en dini-
[dade;

tomaron Irlanda e Bretaña;
coiles ali foron chegados
un gentil poeta e un tocador de harpa.

b Cir, fillo de Cis, o brillante poeta,
o nome do harpista Cendfind;
cos fillos de Mil, de brillante sona
o harpista tocou a harpa.

c Os príncipes con moitas batallas,
tomaron o reino d' Irlanda;
fixérono con esplendor, ledo o son
Eber e mais Eremon

d Iles botaron unha sorte aixiña
sobr' os grandes homes d' arte;
tanto qu' ali caíu a sorte do Sul
o harpista justo e fermoso.

e Melodia de múzeca mais bela que (nin-
[gunha) compañía
é dend' a parte Sul no Sul d' Irlanda;
e é asina ha ser o afertunado julga-
[mento
coa sonada castimonia d' Eber

f Ali caíu a sorte ao mais do Norte
o home d' instrución con grande exce-
[lencia;
por isto o pobo que o trouxo gábase
(de) coñecencia (?) de poesía e ensino.

FIN

Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza

Os contos, romance e cantares que siguen, foron recollidos en Lalín. Foi a recitadora unha rapaza chamada Carmen García Soto, natural do lugar de Combarro, feigresía de Santa María de Piloño, Concello de Carbia. En xeral trátase de cousas xa publicadas, pro que coído persentan algunhas variantes. O que me parez inédito é o conto encol da romaxe de San Andrés de Teixido: as persoas á quen llo ríñan, non tiñan noticia de él, nin o vin publicado. Trásciboo coa máxima fidelidade, sen traizoalo con modificacións nin interpretacións arbitrarias: ten, ó meu parecer, outo intrínseco pol a reminiscencia que n-él se atopa da lenda do Convidado de pedra.

CONTOS

DE LOBOS

Están pacendo unhas ovellas e vén o lobo e dilles: «Vouvos á comer». Entón elas contestánlle: «Estamos moi fracas, no nos comas. Vai dicir misa enriba de aquel penedo, entrementras nós pacemos algunha erba máis e cando volvas de dicir a misa xa nos podes comer». Vaíse o lobo; e cando as ove-

llas o ven alonxado, pillan á correr cara á casa, métese na coadra e pechan a porta. Ven o lobo, dá coa cabeza contra a porta e di: «Dende que son vello Xancao, nunca tantas misas dixen en vao». E unha óvella contesta: «Dende que son vella ruza, nunca pillei tan gran escaramuza».

DA ROMAXE A S. ANDRÉS DE TEIXIDO:::

Van uns mozos de romaxe á S. Andrés de Teixido. No camiño atopan unha calivera; un de eles dalle un puntapé e os outros, animados pol-o exemplo, axudan, levándoa de este xeito hastra preto do Santuario. Cando xa non lles falta moito pra chegar ó cabo da súa excursión, un dos pelengrins dí de deixala; pro contesta outro compañeiro: «Xa que queda pouco camiño, levémola hastra alá, e inda podemos convidala á comer con nosco». Chegan á S. Andrés; e ali a calivera tórnase por comereiro en cabeza de cristián e dille ós mozos: «Moitas gracias, meus amigos, pois coa vosa axuda poden chegar hastra aquí e de esta maneira facer a romaxe que non fixen en vida».

ROMANCE

Xán Quintán quíria casar;
non tía a muller buscada.
Foille facer o amor
a filla da tia Xoana.
—Boas noites, tia Xoana,
¿ónde lle vai a rapaza?—
—Vaime nas berzas na horta;
xa me parece que tarda.—
E n-esto entra a rapaza
pol-as portas para dentro.
—Boas noites, Xán Quintán,
traíote no pensamento.
—Pois ti diralo de risa
pero eu dígoche de veras;
xa está facendo hora e media
que estou quentando as canelas.
E quen che dixo a ti eso?
Sei que noso Señor.
Eu quíriame casar;
véñoche facer o amor.
—Eu casar ben me casaba,
pero hei che de contar:
quero facer unhas saias
e teño a lan por fiar;
e teño un zapato roto
e un pano todo furado;
si tes cartos mércame outro;
casaremos de contado.
—Téñoche unha cabra vella,
téncheme catro cabirtos:
mentras que dous che lle mamam
outros dous andan a brincos.

E vendílle os cabirtíños
e déronme catro pesos.
Téñoos na ucha gardados
pra o día en que nos casemos.—
Leerón as monicións
no auditorio da misa:
a xente que as oíu
caía de cú coa risa.
A nena doulle vergonza;
de veras que inda sirvía:
cando se iba casar
dixo que non-o quería.
Xán Quintán volveuse teso
como as vergas de un canizo,
e doulle volta ó capote:
tan xiquera «a Dios» lle dixo.

CANTARES

Pra o ano que ven hai festa:
imos cantar de legría.
¡Viva quen colleu o ramol
¡Qué viva o noso ramista!
¡Que viva o noso ramista
que é persona xenerosa!
Vamos facer unha festa;
como ela n-ha de haber outra.

Pedro de Castro e o Tarabasco
iban xuntos ó chunchín.
Pedro de Castro tocaba na gaita
i-o Tarabasco no tamboril.

SALVADOR CABEZA DE LEÓN.

PRA UN CANZONEIRO DE NOIA

- 32 Eu teño un can de palleiro
que de noite anda ceibado,
ten coidado Maruxiña,
Maruxiña ten coidado.
- 33 Anque che somos de Buño,
e nin todos somos oleiros,
tamén as xentes de Noia
nin todos son zapateiros.
- 34 Miña sogra quérme mal
porque lle falo co fillo,

- héille de mandar decir
que o garde no bolsillo.
- 35 María, miña María,
o pandeiro e mail-as cunchas
sacan a malenconía.
- 36 Miña nai e mail-a tua
van xuntas á romería,
levan a roupa de gala
deixan a de cada día.

- 37 Cara de leite fervido;
xa me dixo a tua nai
que tiñas o mal cativo.
- 38 Dame un bico Mariquiña
que ch-hei de dar un pataco.
— Non quero bicos dos homes
que me cheiran a tabaco.
- 39 Todos me din que me case
todos me din que vou ben,
todos me din que me case
pero no me din con quen.
- 40 Ao subir as escaleiras
unha pulga me picou,
collina pol-as orellas,
que man de piñas levou.
- 41 O home que ha de ser home
ha de ter as pernas tortas,
a barriga na xillada
e unha xoroba nas costas
- 42 Unha vella dixo á outra
pol-o burato da porta:
ti governa a tua vida
que a miña nada che importa.
- 43 Debaixo do teu balcón
hai unha parra con uvas,
con liceneia do teu pai
vifien ver si están maduras.
- 44 Caséicheme por un ano
por saber que vida era,
o ano vaise acabar,
solteira quen che me dera.
- 45 Miña nai non me case des
nese portiño do Son,
que están os demos metidos
nas cobas de Fonferrón.
- 46 Miña nai déume unha tunda
co aro dunha peneira;
miña nai teña vergonza
que ven a xente da feira.
- 47 Ao caravel cando nace
chámanlle caraveliño,
- os fillos do señor cura
chámanlle ao pai señor tío.
- 48 O amor da costureira
era papel e mollouse,
agora costureiríña
o teu amor acabouse.
- 49 Cando vou pol-o camiño,
camiño de Padrón,
férveme o sangue no corpo
e bríncame o corazón.
- 50 Moza que estás na ventana
co-as puntas do pano fora,
retírate para dentro
que o pano non che namora.
- 51 O carballo da Chainza
tén tres carros de madeira:
un é meu o outro é teu,
e o outro de quen o queira.
- 52 Pol a falda da camisa
vinche subir un piollo,
era de Sierra Morena,
levaba un parche nun ollo.
- 53 Esta noite hei de ir alá,
meníña non teñas medo,
que co-a punta da navalla
abriréche o tarabelo.
- 54 A raíz do toxo verde
é moi mala de arrincar,
os amoríños primeiros
són moi malos de olvidar.
- 55 O meu pai foi sancristán
e fixo moitas diabruras,
mollaba o pan no aceite,
deixaba o Cristo ás escuras.
- 56 Para bailar as da Ponte,
pra cantar en Vilacoba,
e para tocar a gaita
Mansemino o Vilanova.
- 57 As muchachitas do Couto
elas para todo son,

- para cantar e bailar
e tirar pol-o lijón.
- 58 Héime de casar en Louro,
casar con unha loiriña,
Nosa Señora de Louro
ha sere a miña madriña.
- 59 Pilaríña, Pilaríña,
dame un caravel Pilara
da tua caraveliña.
- 60 Eu fun á Muros pescar
pescar unha muradana,
e si a pesquei fixen ben
dormir con ela na cama.

- 61 Eu querer quéroche ben;
soio me falta saber
si ti me queres tamén.
- 62 Moza do pañuelo alleo,
a da camisa emprestada,
dixome a dona das zocas
cando lle pagas a saia.
- 63 Miña nai como é moi probe
non tiña pan que me dar,
enchéume a cara de bicos,
despois rompeu á chorar.

Recollidas por

ALVARO DE LAS CASAS.

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

VIDA UNIVERSITARIA

A NOSA BANDEIRA NA UNIVERSIDADE

Na mañan do día 1 do outubro, aproveitando a festa da inización do curso, foi izada por primeira vegada na nosa Universidade compostelán a bandeira galega. A final, as cores azul e branca da Terra, latexaron orgullosas na solaina da vella e nobre escola agora, mais que endexamais, galega. Fervosa e cativante data que ficará inmorredoi-ra nos arquivos da conciencia racial.

Non é posíbre alongar a sinificazón do feito misturando-o con deducións fora da realidade; pro tampouco sería xusto gardalo no silencio sin darlle a súa propia e outa mañitude. O feito é que, felismente, a groriosa escola de Sant-Iago atúrase do esprito do noso país afundíndose pol-os vieiros mais limpos das nosas tradicións e erguéndose aos horizontes mais craros e amplos da auténtica universalidade. Nosa Universidade á par que chama ás suas cadeiras aos mais prestixiosos mestres da cultura nova, aos lentes mais categorizados da Europa aitual, acugúlase de realidás galegas pondo a nosa xuventude en condicións da máisima utilidade pra a terra natal e de millor posibilidade pra a cultura.

LIBROS

CERÂMICA PORTUENSE, por Pedro Vitorino, Portugal, 1930.

COMENZA OS «Estudos-Nacionais» sob a égida do Instituto de Coimbra, ca publicación do arqueólogo Pedro Vitorino sobre a «Cerâmica Portuense».

Iste traballo de 75 páxinas, ben editado, con grabados de varias pezas en cores, ten súa importancia pra a bibliografía da cerámica no Portugal.

Seu autor xa advirte a dificultade d'ista crase de estudos, maormente á clasificación e as diferentes marcas das fábricas e ceramistas da cibdá do Porto.

Trata, no primeiro capítulo, da hestórea e desenrolo das fábricas de Santo Ildefonso, Santo Lázaro, Santo André e Fontainhas, séculos XVII á XIX.

No segundo, fala das de Massarelos, Miragaia, Vale-de Piedade, Cavaço ou Cavaquinho e Afurada, do século XVIII. Considera como as mellores e con privilexio real, a de Massarelos e a de Gaia. Di que a fábrica de louza de Miragaia, fixo a esperiencia do procedemento de «pó de pedra», somellante á louza inglesa, estilo de Davenport e Herculanum. Tamén nos conta que n'iste século

moitas fábricas chegaron ó seu maior apoxeo e tiveron a protección dos monarcas e señores.

O terceiro capítolo, o dedica ás fábricas de Carvalhinho, Monte do Cavaço, Fervenza, Bandeira, Alto da Fontinha, Palhacinhas, Grilos, Torrinha, Choupelo, Senhor d'Além, Entre Quintas, Candal, Devesas, Rua do Almada, Monchique, Pereira Valente e Santo Ovidio, todas do século XIX, sendo a mellor pol-a fabricación de pezas finas e únicas de louza vidrada á de Torrinha.

Pon remate, a tan meritorio traballo, as marcas das fábricas, facendo constar que foron moitas e variadas, difícil hoxe pra un completo estudo, si ademais a industria non reparou en marcar todas as pezas, atendendo soio á súa venda e á competir nos prezos.—X. C. G.

BASTO, Claudio. Traje a Vianesa. Estudos Nacionais sob a égide do Instituto de Coimbra. Edições Apolono.

Gala, 1930. 56 páxs. 4.º

O Doutor Claudio Basto estuda n-iste traballo os traxes que levan as raparigas das aldeas veciñas a Viana do Castelo en días de festa, é un traxe de *grande gala* con que algunhas rapazas se atavian en feiras e romaxes. Descrebe os traxes formando tres tipos: dous na beiramar (un en Afife e Carreço, e outro en Areosa) e o terceiro no interior (Santa Marta de Portuzelo e Pêrre) sin que isto queira decir que non haxa outras aldeas que o empreguen. A pesares da somellanza xeral de liñas e coores que se atopa en toda ista roupa de rapariga o A. fai resaltar as súas diferencias fundamentais en cada unha das pezas que compón a vestimenta das mozas. A somellanza que a primeira vista se dexerga fixo que xentes pouco avezadas na vida aldeán coidaran que o traxe era o mesmo levando ó extranxeiro as ideas trabucadas. Resaltan nos traxes fondas tonalidades bermellas (Areosa, Afife e Santa Marta de Portuzelo) e coores máis baixos no traxe azul de Portuzelo e o antigo traxe de Pêrre. En todos abundan os debuxos en pezas de roupa como as aljibeiras, a camisa, o colete, as meias, as chinelas, etc., que locen fermosos calados. O traballo do Doutor Claudio Basto é un estudo completo e ven ilustrado con láminas en coores dos distintos tipos de traxe e debuxos dos adornos que locen as belidas vianesas.—A. F. F.

LA IGLESIA ROMÁNICA DE S. QUIRCE, por Justo Pérez de Urbel, O. S. B., y Walter Muir Whitehill, Jr.—Madrid. —Tipografía de la «Revista de Archivos», 1931.

TRÁTASE de un traballo de 23 páxinas de texto e 24 láminas. Boa presentación e ben imprentado. Estúdase a eirexa da Abadía de San Quirce, preto de Burgos, i engadida no século XII a aquela Catedral. Párese que a primitiva eirexa foi remprazada por outra no ano 1034. Sábese que o prelado don Víctor a consagrou no 1147. Si ben se habían escrito denantes traballos sobre iste moimento, non se fixeran como agora, maiormente no seu aspecto epigráfico e iconográfico.

Ten ista pequerrecha eirexa, de unha sola nave, na portada norte, unha intresante serie de figuras, toscas e desfeitas moitas d-ilas, representando os doce apóstoles, Cristo maxestático co tetramorfos, a Visitación, unha muller que parece ser Nosa Señora, a Anunciación, tres ángeles, un d-iles San Miguel, e algúns signos do Zodiaco. Ó falar do «Sagitario» di que é intresante reparar n-iste mesmo signo, idéntica altitude do que tócase na porta das Praterías da nosa Catedral Compostelán.

Tamén nos cancecelos do texaroz da portada do ponente alcóntanse vinte unha esceas realistas, de gran valor pra a iconografía do arte románico, referentes á Creación dos Nossos Pais, Pecado orixinal e á Cain e Abel.

Do interior da eirexa, d-alle imporiancia o cruceiro, de forma cadrada, e arquiteitónicamente extraordinaria, si se ten en conta o fermoso exemplar de cúpula semiesférica sobre trompas.

Dos capitéis, moitos historiados, son notables os referentes a Adán i Eva, Cain e Abel, Noé e Abraham.

D-ista eirexa, rematada no primeiro tercio do século XII, d-ín os sabidos autores da monografía, que si se olla ben nas figuras, abacos e capitéis, sácase a impresión de que os artistas non están cronolóxicamente moi lonxe dos que traballaron en San Pedro de Arlanza, San Isidoro de León e na Porta das Praterías da Catedral de Sant-Yago de Compostela.—X. C. G.

Castro Pires de Lima, Fernando de
O CERÓTO Vilanova de Pamalição
Sep. da Rev de Guimaraes,
1931. 6 paxs. 8.º

DENDR a súa publicación deica agora non era coñecido o A. de *O Ceróto* poema heroico-cómico publicado co pseudónimo de *Venúcio de Matamá*. Ao ilustre folclorista

Pires de Lima débese o escrarecemento con atinada visión crítica, non sómentes do A. do poema senon tamen as alusións a que fai referencia. Foi seu A. o P. Luís José de Oliveira Nascimento, de S. Simón de Novais, Concello de Vilanova de Famalição († 1901). O persoaxe principal é o boticario Luís de Sousa Gonçalves a quen unía fonda amizade deica un troque de partido do farmacéutico; foi estoncias cando o P. Oliveira escribiu *O Cerôto* (1). As localidades son todas lugares perfectamente coñecidas. O poema foi adicado a un criado do A. e lido n-unha xuntanza de Padres, onde lle pregaron non o publicase deica morrer o Farmacéutico, cousa a que cedeu o P. Oliveira. Antre o primeiro manuscrito e o publicado atopanse fondas modificacións feitas pol-o A.-A. F. F.

GOMES DE ALMEIDA CRESPO, José.—
Aspecto Sanitario da emigración no
Minho. Coimbra 1930. 27
paxs. en 8.º

Portugal é un pobo de fonda emigración, mais que nada por necesidade, sendo o maior continxente da provincia do Miño, que vai a Francia, España e América do Sul principalmente. O emigrado carrega pra sua terra o ouro, que reporta o ben estar económico das xentes; mais xunto co ouro, veñen gran cantidade de doenzas contaxiosas, producíndose por ista razón un *déficit emigratorio* que leva a probeza dos fogares i-en secuencia á Nación. O Doutor Gomes de Almeida trata n-iste estudo de percurar no posible, os remedios pra mingoar iste *déficit* producido na maior parte pol-a tuberculosis, sífilis i-enfermedás venereas.—A. F. F.

REVISTAS

DESCOBRIMENTO, Revista de Cultura.
Director, João de Castro
Osorio, Lisboa.

DESCOBRIMENTO é unha nova gran revista portuguesa, que publica un número por cada estación do ano. Cada número fai un volume de mais de tres centas páxinas.

O emprendemento d'esta gran revista débese ao grande escritor João de Castro Osorio, o autor ilustre de *Rainha Santa*, *A Hora da* e *O Clamor*, obras que tivemos hai tempo a honra de comentar n-esta sección, e das quales sobre todo a segunda, deunos a coñecer non sómentes un escritor, senon tamén

un pensador dos mais fortes e arriscados, un verdadeiro e non un falso moderno, coma tantos s'adoitan dar tanto en Portugal com' antre nós.

Ben que non esteamos conformes coas ideas qu'espon no seu traballo tidoado *Descobrimento*, co qual abre o número de primavera da sua revista, no qual volve a unha concepción sintética da historia e a unha conseguente concepción do porvir mais propia das ilusións seniles do século XIX que da desenganada e decrepita centuria en que vivimos, non podemos por menos d'admirar e aplausar o seu ambicioso alento, sen concordar na sua táboa de valores.

Descobrimento propónse valorizar a cultura portuguesa no mundo e põ-la en contaoto coas correntes europeas. Tamén se propón estreitar os lazos antre Galiza e Portugal, pra o cual conta con colaboración galega. E dende logo co-a fonda simpatía e sincera irmandade de NÓS.

Número de Primavera,

Sumario: Uma nova da civilização: o Descobrimento, João de Castro Osório.—Oito elegias chinesas, Camillo Pessanha.—Aeromagnéticos, Ramon Gomez de la Serna.—A Vida, Joaquín Manso.—Provincia, Ribeiro Couto.—O capital e o enforcado, João Barreira.—O Mar, Manuel de Figueiredo.—Notas.

Número do Verão.

Sumario: Portugal, Conde Hermann de Keyserling.—Concepción singela do Ceo, Ev. Correa Calderon.—Mórmas, Eugenio Tavares.—Assim é a vida, Carlos Parreira.—Orações antigas, Paulino de Oliveira.—Antisemitismo, Vicente Risco.—Os sete sapatos de ferro, João de Castro Osório.—Novelistas e poetas jovens do Brasil, Marques Rebello, Luís da Câmara Cascudo, Emilio Moura.—Notas.

BOLETIN DE LA SOCIEDAD CASTELLONENSE DE CULTURA, tomo XII, 1931, Cuaderno III.

SUMARIO: Muros de Segorbe, C. Pau.—La diablissa del retaule, Sanchez Gozalbo.—Carta Puebla de Vistabella—Venta de Culla al Temple—Moros y cristianos, E. D. Gazulla.—Canço de Nadal, Artola.—Misa delalba, Espresati.—L'arc del dimoni, Angel d'Almalfa.—El «Libre de Privilegis de Calí», J. Puig.—Revistas.—Suplemento: Don Juan Garbó, Guinot.—El alma de Carbó, J. Sanz de Bremond.—L'amic perdut, J. Pascual Tirado.—Un hombre ejemplar, F. Escuin.

(1) A verba *cerôto* ou *cerôto* quer decir medicamento en que entra principalmente a cera e un óleo.

—*Sic vos non vobis*, Espresati. —... P. L. Sales. — *Carbó y nuestro Archivo Municipal*, Revest. — *El último paseo de D. Juan*, Sanchez Gozalbo.

Cuaderno IV.

Sumario: *Galanies i cobejances*, Angel Sanchez Gozalbo. — *Sobre la territorialización del Código de Valencia*, Juan Beneyto Perez. — *El Pla del Moro*, Joan Porcar. — *Impressió* (Poesía), E. Soler Godes. — *Entre bayonetas*, Francisco Cantó Blasco. — *Notas bibliográficas*.

LOGOS, núm. 8, Agosto 1931.

SUMARIO: *Concordatos*, M. G. García. — *San Francisco Blanco*, Fr. G. Placer (O. D. M.). — *Unha esquitadora galega do século IV*, A. Gomez Ledo. — *Pol-a cultura relixiosa de Galicia*, P. Pedret Casado. — *Documentos galegos medievales*, P. A. Lopez (O. F. M.). — *Bibliografía*.

No 9, Setembro 1931.

Sumario: *Concordatos*, M. G. García. — *Unha esquitadora galega do século IV*, A. Gomez Ledo. — *As lendas do Via Crucis*, Fr. G. Placer (O. D. M.). — *Documentos galegos medievales*, P. A. Lopez (O. F. M.). — *O cadabre de Don Xosé dos Santos A. de las Casas*. — *Católica*, R. V. — *Bibliografía*.

O INSTITUTO, vol. 82, 4.^a serie, vol. 11^o, núm. 1.

SUMARIO: *Noticia da Recepção no Instituto de Coimbra do seu Socio Honorario*. — *Monsenhor Bandrillart, Arcebispo de Metilene e Reitor do Instituto Católico de Paris*. — *Discurso do Presidente do Instituto Professor Dr. Costa Lobo*. — *Science e religión*. — 1880-1930, por Alfred Bandrillart. — *Alocução do Presidente da Câmara Municipal de Coimbra Dr. Amadeu Ferraz de Carvalho*. — *Alocução do Presidente da Associação Académica de Coimbra João Gaspar Simões*. — *Historia de Lusitânia e dos povos que primitivamente habitaram a península Iberica*, por Carlos Augusto da Silva e Oliveira. — *Ensaio sobre os latintismos dos «Lustadas»*, por C. E. Corrêa da Silva. — *Portugal Colonial na Sociedade das Nações*, por Caetano Gonçalves. — *A Italia no principio do século XIII*. — *No reino de Fez*, por Antonio de Mattos Cid. — *Unha apreciação critica da Sociedade das Nações*, por ***

PORTUGALE, vol. IV, núm. 22, Julho Agosto, 1931.

SUMARIO: *Para as Murtas*, Ferreira Soares. — *Página humorística*, Emilio Martins. — *O pintor Antonio Canceiro*, Vila Moura. — *Consulta de mal-me-querer* (versos), João da Silva Correia. — *As canções populares portuguesas e a piedosa oferenda que o senhor Armando Leca lhes votou*, Jaime de Magalhães Lima. — *Inéditos e autógrafos*. — *Mercado do peixe (povo de Varzim)*, (folha solta) Alberto Silva. — *Varia*. — *Bibliografía*. — *Novidades*. — *Res et verba*.

NERVIO, ciencias, artes, letras. Buenos Aires, Año 1, núm. 1, Mayo, 1931.

SUMARIO: *Antena*. — *La fatiga total en «Pas» de Glaeser*, Alfonso Longuet. — *Aporte al estudio de la Psicoanálisis*, V. Fernández Cantina. — *El Infierno*, A. Strindberg. — *Cantares de Soledad*, J. Pereda Valdés. — *Soledad*, Alfonsina Sterin. — *Versos*, Alvaro Lunque. — *El mensaje del niño*, B. Franco. — *Glosario de Han Pynner*, Costa Iscar. — *Severina*, Nathan Forge. — *Teatro*, Filoctetes. — *Cinema*, Alfo. — *«Mirando vivir»*, V. P. Ferreria. — *Bibliografía*.

OUTRAS PUBLICACIÓES RECIBIDAS:

Celtiga, revista galega, Bós Aires.
Galicia, órgano da F. S. G. Bós Aires.
Acción Gallega, Bós Aires.
Correo de Galicia, Bós Aires.
A Fonce, Bós Aires.
Seara Nova, Lisboa.
Eusko-Ikaskuntza, (Sociedad de Estudios Vascos), 1928-1930, Memoria de la Sociedad etcétera.
Boletín de la Sociedad de Estudios Vascos.
Megáfono, Bós Aires.
Brújula, Bós Aires.
Cartel, Montevideo.
Centro Gallego de Montevideo, Memoria y Balance General, 1930-1931.
Belén, Habana.
La Clínica, Barcelona.
El Matí, Barcelona.
La Opinión, Buenos Aires.
Acció Valenciana, Valencia.
El Ebro, Barcelona.
La Nation Bretonne, órgano do Partido autonomista bretón.
Letras, Buenos Aires.
 D'algúnhas d'elas daremos conta n' outro número.

Imprenta NÓS, Hortas, 20, Santiago



A hixiene nos nenos

é a garantía da súa saúde física e moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o

"Jabón Sales de la Toja",

único que ás súas altas calidades meiciñás xunta toda a finura e perfume d'un xabón de tocador.

Contribúe ó perfecto desenvolvemento das criaturas e evita o perigo da escrófula e o raquitismo.

**JABÓN
LA TOJA**
UNICO EN EL MUNDO

1pta
PASTILLA



O Xabrón da Toxa
é o mellor.
Honra á Galicia no
mundo enteiro

MERQUE VOSTEDE
Plumeiros RAFIUM

DE MÁIS DURA QU'OS DE PLUMA E LIMPAN MILLOR.
VÉNDENSE EN TODOL-OS ESTABRECIMENTOS DO RAMO.

ANDRÉS PERILLE OURENSE

Sanatorio Quirúrgico de San Lorenzo

SANTIAGO DE GALICIA
DE LOS PROFESORES

D. Fernando Alsina y D. Antonio M. de la Riva

CIRUJANO

GINECÓLOGO

Establecemento dotado de todol-os elementos que exixen
a terapéutica e a hixiene modernas, situado nas aforas
da poboazón, moi cerca do paseo da Ferradura

Teléfono número 195

Pra detalles, calquera dos Directores ou o Médico interno

FOTOGRAFABADO

Si quer qu-os seus fotografados sexan o mais perfecto posibles, convenlle envialos aos

Talleres de fotografado ESPASA-CALPE S. A.

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

A sua biblioteca non será
unha biblioteca galega,
mentras non adequira as
obras editadas por

NÓS

PUBRICACIÓNS GALEGAS E IMPRENTA

HORTAS, 20

SANTIAGO